



Con motivo da celebración do bicentenario do nacemento de Louis Braille

## O Parlamento de Galicia acolle unha xornada de divulgación sobre o sistema braille de lectoescritura para cegos

- A orde do día do Pleno traducíuse ao braille, distribuíuse material divulgativo sobre este sistema de lectoescritura e leuse unha declaración institucional
- A organización desta xornada foi acordada pola presidenta da Cámara, Pilar Rojo Noguera, e o delegado da ONCE en Galicia, Eugenio Ferradás
- En Galicia, case 400 nenas e nenos utilizan o braille para estudar

**Santiago, 9 de marzo de 2010.-** O Parlamento de Galicia acolleu este martes, 9 de marzo, coincidindo coa primeira sesión do Pleno da Cámara, unha xornada de divulgación sobre o sistema braille de lectoescritura para persoas cegas.

A celebración desta xornada foille proposta, no seu momento, en representación da ONCE, polo delegado territorial desta organización en Galicia, Eugenio Ferradás, á presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera.

Esta actividade na sede lexislativa galega quere dar continuidade aos actos organizados en 2009 con motivo do 200 aniversario do nacemento de Louis Braille, inventor do sistema de lectoescritura, que, baseado na combinación de

seis puntos en relevo, revolucionou a vida de millóns de persoas cegas.

## **Actividades**

Deste xeito, ao inicio do Pleno de hoxe, a presidenta da Cámara, Pilar Rojo Noguera, leu unha declaración institucional, acordada polos grupos parlamentarios, para reivindicar a importancia do sistema braille e a plena incorporación das persoas cegas á sociedade do coñecemento.

A ONCE tamén elaborou unha orde do día do Pleno desta semana en braille, ao tempo que deputados, xornalistas e persoal da Cámara recibiron material divulgativo sobre o sistema de lectoescritura para persoas cegas.

O delegado territorial da ONCE en Galicia, Eugenio Ferradás, asistiu, como convidado, á lectura da declaración institucional e, a continuación, compareceu ante os medios informativos.

## **A importancia do braille**

A ONCE impulsa o uso do braille en todos os ámbitos, coa finalidade de que as persoas cegas acaden maiores cotas de autonomía persoal. O etiquetado de produtos farmacéuticos, de alimentación ou de limpeza, a sinalización de ascensores, a publicación de folletos de información ou de catálogos de museos, aínda que semellan pequenos pasos cara á normalización, fan máis doada a vida das persoas cegas.

O braille, ademais de ser un sistema de lectoescritura imprescindible na educación dos 7.500 nenos e nenas –case 400 deles galegos en todos os niveis educativos- é unha das portas que os introduce nas novas tecnoloxías e na sociedade da información. Por isto, a través da Comisión Braille Española, a ONCE traballa para adaptar este sistema de lectoescritura ás novas necesidades da sociedade da información, o que lle abriu múltiples posibilidades laborais, de educación ou de lecer. Un exemplo son as "liñas braille", un teclado periférico

que transforma en braille a información contida na pantalla, que é clave para o seu uso por persoas cegas e, moi especialmente, por persoas xordocegas.

### **A ONCE, unha das produtoras de braille máis importantes do mundo**

A ONCE pon á disposición dos seus afiliados máis de 57.000 títulos en braille aos que agora tamén poden acceder a través da Internet na páxina [www.once.es](http://www.once.es). Ademais, presta apoio aos estudantes para a impresión de apuntes e outros textos, de xeito que máis dunha trintena de unidades periféricas imprimen en braille por toda España. Nos procesos de edición e impresión empréganse medios electrónicos e informáticos, escáneres, recoñecedoras ópticas de caracteres, impresoras braille, etc.

España é líder mundial en produción de impresoras braille, a través do Centro de Investigación e Desenvolvemento de Aplicacións Tiflotécnicas (CIDAT) da ONCE, que exporta impresoras para o uso dos cegos de todo o mundo. Ademais, dóanselles unidades completas a compañeiros cegos que viven en países en desenvolvemento para que poidan contar con puntos de acceso á información e ao coñecemento.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia